SeminarioGalán.org





# Día das letras galegas 2023

## 6º Educación Primaria

# FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

3º CICLO

Francisco Fernández del Riego naceu na localidade lucense de Vilanova de Lourenzá, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primeiro dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada. Puxéronlle os nomes de Francisco Jesús Benito Antonio.



Francisco e a súa muller, Evelina Hervella, paseando pola cidade de Vigo.

Os estudos primarios e os primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno no colexio de A Nosa Señora, de Monforte de Lemos (Lugo).

Aos dezasete anos marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito.

Cando retornou a Galiza, con dezaoito anos, rematou os estudos de Dereito e, despois da Guerra Civil, deu clases en dous colexios de Vigo, Labor e Mezquita, e traballou no bufete do seu amigo Valentín Paz Andrade.

Foi un gran traballador polo idioma e a cultura: foi membro do Seminario de Estudos Galegos, escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro e presidente durante catro anos da Real Academia Galega, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.



Francisco Fernández del Riego, á esquerda, con Carlos Casares, o día do seu nomeamento como presidente da Real Academia Galega.

Propuxo, con Xesús Ferro e Manuel Gómez, a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan a nosa cultura.

Escribiu moitos libros: *Danzas populares galegas*, *Historia da literatura galega*, *Galicia no espello*, *O Camiño de Santiago*, *A pesca galega de mar a mar*... e unha chea de libros máis.

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas.

1. En que ano pasaron estes feitos na vida de Francisco? Completa.

**1939** **1913** **1930** **2023** **1931**

- En ______ naceu Francisco Fernández del Riego.
- En ______ foi vivir coa súa familia a Madrid.
- En ______ retornou a Galicia.
- Despois de ______ traballou no bufete de Valentín Paz Andrade, en Vigo.
- En ______ a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras.

2. Completa a seguinte táboa.

| | BRITISH BROADCASTING CORPORATION |
|---|---|
| RAG | |
| SEG | |

Inventa ti agora outros significados para estas siglas.

| | |
|---|---|
| BBC | |
| RAG | |
| SEG | |

3. Verdadeiro ou falso? Se é falso corrixe, corrixe.

- Francisco Fernández del Riego naceu na provincia de Pontevedra. **V** **F**

- Fixo a educación primaria, secundaria e o bacharelato na provincia de Lugo. **V** **F**

- Estudou a carreira de Dereito en Madrid. **V** **F**

- Traballou en dous colexios da provincia de Pontevedra despois de 1939. **V** **F**

- Traballou tamén de avogado. **V** **F**

- Foi un escritor prolífico. **V** **F**

4. Completa o encrucillado con información do texto.




**HORIZONTAIS**

1. Nome dunha das persoas que propuxeron que a RAG instituíse o 17 de maio como Día das Letras Galegas.
2. Nome da nai de Francisco.
3. Nome do pai.
4. Terceiro nome do homenaxeado nas Letras Galegas 2023

**VERTICAIS**

5. Editorial que fundou Francisco Fernández del Riego.
6. Nome do amigo co que traballou en Vigo Francisco Fernández del Riego despois da Guerra Civil.
7. Nome da outra persoa que propuxo que a RAG instituíse o 17 de maio como Día das Letras Galegas.

**HORIZONTAIS**: 1. MANUEL 2. AMADA 3. VICENTE 4. BENITO
**VERTICAIS**: 5. GALAXIA 6. VALENTÍN 7. XESÚS

5. Localiza e marca as portadas de tres libros de Francisco Fernández del Riego e escribe os seus títulos.



















- ______________________________
- ______________________________
- ______________________________

6. Sabes a que xornais, nos que colaborou Francisco Fernández del Riego, pertencen estes logos?

Inventa ti outras iconas para estas dúas publicacións.

7. Deseña unha portada para o libro *Danzas populares galegas*, de Francisco Fernández del Riego.

**FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**

# DANZAS POPULARES GALEGAS

**EDICIÓNS GALICIA**

# PEIXES, CRUSTÁCEOS E MARISCOS

## Francisco Fernández del Riego

De todas  as especies anteriormente citadas, era quizais a sardiña a máis importante. A súa pesca foi en Galicia, desde tempos inmemoriais, o principal recurso de vida das poboacións mariñeiras.

...

A pescada ou pixota capturábase con volantas. Consumíase fresca ou salpresa, cocida ou fritida. Transportábase salgada ou seca ao aire, ao interior do país e a Castela. O badexo, por outra banda, capturábase en toda a costa galega. Pero, en especial, ao socairo do cabo Fisterra, así como fronte ás rías de Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo.



1. Resolve o encrucillado con información do texto.




## VERTICAIS

**1.** Conservada ou aderezada con sal.
**2.** Abrigo que ofrece un lugar ou unha cousa oposta ao vento.
**3.** Arte de pesca de fondo que pode alcanzar unha extensión considerable.
**4.** Peixe mariño que vive en fondos rochosos ata os douscentos metros de profundidade e que pode chegar a medir máis dun metro de lonxitude.

## HORIZONTAIS

**5.** Sinónimo de pescada.
**6.** Ría situada entre a de Corcubión e a de Arousa.
**7.** Peixe que se consume na noite de San Xoán.

**VERTICAIS**: 1. SALPRESA 2. SOCAIRO 3. VOLANTA 4. BADEXO
**HORIZONTAIS**: 5. PIXOTA 6. RÍA DE NOIA 7. SARDIÑA

2. Completa a información sobre cada un dos peixes que aparecen no texto. Podes consultar na seguinte páxina:

https://deondesenon.xunta.gal/gl/produtos-da-marca/que-produtos-me-ofrece-a-marca/peixes

| **Nome do peixe** | **N. científico** | **Tipo de peixe** | **Cría** |
|---|---|---|---|
|  ______________ | Merlucicius merluccius | Peixe branco | Carioca |
|  ______________ | Sardina pilchardus | | |
|  ______________ | Pollachius pollachius | | Corbelo |

2. Colorea da mesma cor os sinónimos.

**pixota**

**pescada**

**abadexo**

**cabala**

**cherna**

**chicharro**

**xurelo**

**xarda**

**badexo**

**mero**

3. Atopa na sopa de letras diferentes peixes, crustáceos, bivalvos e cefalópodos. Completa a táboa.

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| P | E | R | C | E | B | E | Z | C | L | Z |
| O | V | N | B | X | G | H | F | M | D | A |
| L | X | C | V | L | N | F | Z | B | V | M |
| B | P | E | I | X | E | S | A | P | O | B |
| O | E | N | E | X | D | H | N | G | S | U |
| M | S | T | I | B | Z | D | C | F | T | R |
| L | C | O | R | G | X | H | M | L | R | I |
| V | A | L | A | C | N | L | U | R | A | Ñ |
| X | D | A | C | Z | N | E | C | O | R | A |
| B | A | D | E | X | O | C | H | O | C | O |





| PEIXES | CRUSTÁCEOS |
|---|---|
| Peixe sapo | Centola |
| | |
| | |
| **BIVALVOS** | **CEFALÓPODOS** |
| Ostra | Lura |
| | |
| | |



4. Arrodea os ingredientes que necesitas para preparar ***Pescada á galega*** e completa a receita.

**INGREDIENTES**

2 lombos de pescada
Cúrcuma
Vinagre
Aceite de oliva virxe extra (AOVE)
Pemento
Sal
2 dentes de allo
Cebola
Limón
Loureiro
4 ou 5 patacas
1 cabaciña
Azucre

## Modo de preparación:

1. Lavamos as ____________________, pelámolas e cortámolas.

2. Pelamos e picamos unha ____________________ en anacos grandes.

3. Poñemos unha pota no lume chea de ____________________ ata a metade.

4. Engadimos as patacas, a cebola, o loureiro e botámoslle ____________ a todo. Cocemos durante máis ou menos vinte ____________________.

5. Baixamos o lume para que a auga non ferva e engadimos a ____________________ . Cocemos todo durante dez minutos aproximadamente.

6. Mentres, podemos preparar a allada. Para isto picamos os ____________________ en láminas. Botamos o aceite e oliva nunha tixola e douramos os allos. Afastamos do lume a tixola e engadimos o ____________________. Remexemos todo ben e reservamos.

7. Unha vez as patacas e a pescada estean feitas empratamos e engadimos a ____________________ por enriba.

Agora pensa ti noutra receita e completa:

**RECEITA:** ____________________

| INGREDIENTES | MODO PREPARACIÓN |
|---|---|
| | |

5. Existen varios métodos de conservar o peixe. Escribe o nome do método onde corresponda e completa a breve descrición.

**temperaturas afumadura escabeche salgadura en conserva sal conxelación fume**

| MÉTODO | BREVE DESCRICIÓN |
|---|---|
| | Método para preservar alimentos engadíndolles ____________________. |
| | Técnica que consiste en someter os alimentos a ____________________ para prolongar a súa vida. |
| | Sistema utilizado de conservación de alimentos mediante o uso de baixas ________________ . |
| | Técnica de conservación máis popular. O proceso consiste en cociñar o peixe con ________________ , aceite ou outro prebe e almacenalo nun tarro de cristal. |

6. Os peixes ocupan un espazo moi amplo na nosa cultura popular. Serás quen de relacionar os refráns e colorear cada un deles dunha cor diferente?

**Os nabos e os peixes no tempo de xeada ...**

**En San Xoán...**

**non comas raia nin polbo.**

**a sardiña molla o pan.**

**Mentres canta o cuco ...**

**e das carnes o carneiro.**

**crecen.**

**Dos peixes, o mero ...**

7. Ordena as letras e escribe o nome deste peixe tan popular en Galicia pero non tan ben coñecido

Está estreitamente emparentado cos tiburóns; comparte con eles a estrutura xeral do esqueleto, o tipo e o número de aletas e a morfololoxía das fendeduras branquiais.

__ __ __ __



8. Verdadeiro ou falso? Se é falso corrixe a información.

- As raias aliméntanse de crustáceos e moluscos. **V** **F**

---

- Normalmente viven lonxe da costa. **V** **F**

---

- Nadan de forma moi rápida. **V** **F**

---

- Para cazar déitanse no chan ou entérranse na area e permanecen inmóbiles durante un longo tempo. **V** **F**

---

- Todas as raias teñen veleno en diversas partes do corpo ou na cola. **V** **F**

---

- Para os seres humanos o veleno non chega a ser mortal. **V** **F**

---



9. Atopa o significado das seguintes locucións:

**Comer moito e con ganas**
**Persoa moi importante**
**Non quedar nada, non ter nada**
**Ser pouco de fiar**
**Caer inesperadamente**

- Un peixe gordo: ______________________________
- Ser bo peixe: ______________________________
- Caer coma un peixe: ______________________________
- Nin rabo de peixe: ______________________________
- Meter peixe a bordo: ______________________________



# MEMORIA DO AMIGO
## Francisco Fernández del Riego

Desde Mondoñedo, cidade na que naceu Álvaro Cunqueiro, deica Lourenzá a miña vila natal, hai legua e media de andadura. Coñecémonos sendo aínda nenos, e xa nesa idade xurdiron as orixes dunha longa amizade. Coincidimos moitas veces, na adolescencia, nas festas laurentinas do Conde Santo polo verán. Tamén nas feiras mindonienses das San Lucas polo outono. Xa mozos, conxugáronse ao trato amigo os vencellos galeguistas.



Viña eu de Madrid, de encetar os estudos universitarios, e organicei, cun compañeiro, a celebración do Día de Galicia na pequena vila da miña nacenza. Recibín daquela entusiastas parabéns de Cunqueiro pola iniciativa.

1. Le o texto e completa:

a) **Francisco Fernández del Riego naceu en ____________________ e Álvaro Cunqueiro en ____________________.**

b) **Álvaro Cunqueiro é ____________________ de Francisco Fernández del Riego dende a infancia.**

c) **De adolescentes os dous, Francisco e Álvaro, acudiron a miúdo ás mesmas ____________________ e ____________________.**

d) **Francisco Fernández del Riego foi á universidade en ____________________.**

e) **Álvaro Cunqueiro deulle a Fernández del Riego a ____________________ pola idea de festexar o día de Galicia.**

2. Álvaro Cunqueiro naceu en 1911 e morreu en 1981. Completa a táboa.

| ETAPAS DA VIDA | ANOS |
|---|---|
| | 1911-1923 |
| Adolescencia | |
| | 1931-1936 |
| Adultez | |
| | 1971-1981 |



3. Ordena, escribe e completa.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Cunqueiro** | **San Lucas** | **Mondoñedo** | **Madrid** |
| | **Mondoñedo** | | |

- Mindoniense é o **eiiioxntc** ________________ de ________________ .

- ________________ é un **cnclloeo** ________________ da provincia de Lugo

- ________________ é a **dadeic** ________________ máis poboada e grande do Estado e da Península Ibérica.

- En outubro celébrase en Mondoñedo As ________________, unha das máis importantes **sarief** ________________ tradicionais de Galicia.

- Álvaro ________________ foi un gran novelista, poeta, xornalista, **rtgadoumar** ________________, e gastrónomo galego.

4. No texto aparecen citadas as Festas Laurentinas do Conde Santo. Saberás onde e cando se celebran esta e outras festas?

**SANTIAGO DE COMPOSTELA A CORUÑA LUGO A ESTRADA (Pontevedra) BAIONA (Pontevedra) LOURENZÁ (Lugo)**

**AGOSTO MARZO OUTUBRO XUÑO XULLO XULLO**

| FESTAS | LOCALIDADE | MES |
|---|---|---|
| Festas Laurentinas do Conde Santo | | |
| Festas de San Froilán | | |
| Fogueiras de San Xoán | | |
| Festas do Apóstolo | | |
| Festas da Arribada da Carabela Pinta | | |
| Rapa das Bestas de Sabucedo | | |

5. Parece que a Francisco e a Álvaro lles gustaba ir de festa; entón eran... Arrodea as oito opcións correctas e risca as tres incorrectas.



**FANDANGUEIROS** **FESTEIROS** **PÁNDEGOS** **TROSMAS** **GARULEIROS** **FOLIEIROS** **TROULEIROS** **PÁNFILOS** **FESTEXEIROS** **REXOUBEIROS** **REXEDORES**

6. O que máis nos gusta son as festas gastronómicas. Colorea as que son propias de Galicia. Ollo! que hai tres intrusas.



- FESTA EXALTACIÓN DO PAN DE CEA
- FESTA DO MARISCO DO GROVE
- FESTA DO COCIDO DE LALÍN
- FESTA DA FILLOA DE LESTEDO
- FESTA DA PIZZA
- FESTA DA TROITA
- FESTA DO LACÓN CON GRELOS
- FESTA DA GAMBA
- FESTA DO REQUEIXO E DO MEL
- FESTA DO QUEIXO
- FESTA DA LAMPREA
- FESTA DO CHOCO
- FESTA DA OSTRA
- FESTA DO TOUCIÑO
- FESTA DO POLBO
- FESTA DO OURIZO

7. Cal é a túa festa favorita? Fai un debuxo e unha breve descrición coa seguinte información: Como se chama? Cando e onde se celebra? Como se celebra? Que é o que máis che gusta desta festa?



8. Francisco Fernández del Riego e Álvaro Cunqueiro eran amigos. Podes atopar na sopa de letras os adxectivos que describen as amizades? As palabras que tes que localizar son os antónimos das palabras do recadro.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **FALSO** | **INTERESADA** | **DESLEAL** | **DESCONSIDERADA** |
| **ABURRIDO** | **EGOÍSTA** | **DESAGRADABLE** | **IMPACIENTE** |



| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z | D | V | L | X | H | N | M | B | S | P | C | G |
| D | E | S | I | N | T | E | R | E | S | A | D | A |
| C | Q | G | B | S | L | V | D | L | I | C | Ñ | Z |
| F | M | E | Z | M | H | N | A | E | N | I | L | B |
| S | X | E | N | E | R | O | S | A | C | E | Q | G |
| N | A | G | R | A | D | A | B | L | E | N | F | C |
| Ñ | L | V | N | Z | F | X | B | D | R | T | Ñ | V |
| H | D | I | V | E | R | T | I | D | O | E | Z | M |
| C | O | N | S | I | D | E | R | A | D | A | C | X |